



CONVOCATORIA

Por acordo da Xunta Directiva do Ilustre Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Pontevedra, convócase, pola presente, a todos os colexiados para a celebración de eleccións, que terán lugar o día,

16 de maio de 2024

para designar os compañeiros que ocuparan os cargos seguintes:

PRESIDENTE.- VICEPRESIDENTES 1º, 2º, 3º e 4º.- SECRETARIO XERAL.- VICESECRETARIO.- TESOUREIRO-CONTADOR, e un Representante Médico por cada un dos seguintes grupos: **MÉDICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA URBANA.- MÉDICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA RURAL.- MÉDICOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA.- MÉDICOS DE EJERCICIO PRIVADO.- MÉDICOS XOVENES E/OU EN FORMACIÓN.- MÉDICOS XUBILADOS.- MÉDICOS CON EMPREGO PRECARIO OU EN PROMOCION DE EMPREGO.- MEDICOS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN.**

As candidaturas para tomar parte na devandita elección, deberán ser dirixidas á Xunta Electoral e **presentadas de forma presencial** nas Oficinas deste Colexio Oficial de Médicos (c/.Echegaray, 8 - PONTEVEDRA) calquera día laborable -excepto sábados-, entre as **NOVE e as TRECE HORAS**, pechándose o prazo para a admisión das mesmas o día **05 de abril de 2024**, ás **TRECE HORAS**.

Serán nulas as candidaturas presentadas no Colexio Provincial (c/.Echegaray,8 - PONTEVEDRA) con posterioridade á hora sinalada (**13,00 HORAS**) do último día do prazo establecido para a admisión das mesmas (**05/04/2024**).

A Xunta Electoral enviará a todos os colexiados, no momento oportuno, os nomes dos candidatos presentados á elección de cada un dos cargos apuntados, e as instrucións para a votación por correo dos compañeiros que desexen utilizar devandito sistema. **Aqueles que acudan persoalmente a depositar o seu voto nas mesas que se constituirán para o efecto (no Colexio Provincial en Pontevedra e na Delegación Comarcal de Vigo), deberán facelo o día indicado (16 de maio de 2024) no horario de funcionamento do Colexio: entre as NOVE e as CATORCE horas (09,00 a 14,00 horas), e entre as DEZASEIS e as DEZANOVE horas (16,00 a 19,00 horas).**

Os censos de compañeiros con dereito a voto, estarán expostos neste Colexio Provincial e na nosa Comarcal de Vigo, **ata o día 31 de marzo de 2024**, podendo os interesados consultalo e formular as súas reclamacións contra a inclusión ou exclusión indebida no mesmo, ata as **trece horas** do citado día (**31 de marzo de 2024**), mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, xustificando debidamente a motivación da mesma.

Para o desenvolvemento das eleccións teranse en conta, ademais das citadas nesta convocatoria, as normas establecidas nos vixentes Estatutos deste Colexio Médico Provincial, que están publicadas no D.O.G.A. de data 27 de novembro de 2023.

(<https://www.cmpont.es/component/jdownloads/?task=download.send&id=993&catid=2&m=0&Itemid=143>)

Pontevedra 21 de marzo de 2024.



Vº. Bº.

O PRESIDENTE,

I/. Isidro J. Lago Barreiro.

O SECRETARIO XERAL,

f/. Jorge Nogueira Dios.